

## GRÁFICO DO PERFIL DE ELEVACIÓN E DISTANCIA



### OFICINA DE INFORMACIÓN & EXPOSICIÓN

C/ Deputación s/s 25325 Folgoso do Courel Tel./Fax: 982 433 052

E-mail: info@castroseminasdocourel.es

### CASA DO CONCELLO

C/ Deputación s/s 25325 Folgoso do Courel Tel./Fax: 982 433 001

### GARDA CIVIL

C/ Río Lor 27324 Tel. 982 433 083

### CENTRO DE SAÚDE FOLGOSO DO COUREL

C/ Deputación s/s 25325 Folgoso do Courel Tel./Fax: 982 433 001

### CENTRO DE SAÚDE SEOANE DO COUREL

C/ Uxío Novoneyra 27324 Tel. 982 433 090

### FARMACIA

C/ Deputación s/s 25325 Folgoso do Courel Tel./Fax: 982 433 102



CASTROS  
E MINAS  
DO COUREL




<http://www.castroseminasdocourel.es>

# CASTROS E MINAS DO COUREL



RUTA CENTRO-LESTE



**Inicio:** Romeor **Fin:** Romeor **Distancia:** 14,2Km  
**Tempo:** 5: 30 **Dificultade:** media-baixa

En Romeor atópase o aparcadoiro e o punto de información xeral sobre a ruta. Desde aquí dirixímonos cara o castro de Romeor, que se atopa a apenas 260 metros do punto de inicio. Regresamos ata Romeor e desde aquí pola estrada local CV125/1 continuamos ata Millares, onde se atopa a mina de O Broncedo, situada no quilómetro 2,2 da ruta. Continuamos pola mesma estrada ata o quilómetro 3.06, onde nos desviamos a dereita por un pequeno sendeiro ata o quilómetro 3.5, onde se atopa a mina de Os Buracois. Avanzando polo mesmo sendeiro regresamos a estrada, pola que continuamos ata a mina de Torubio, situada no quilómetro 4.24. Continuamos pola mesma estrada durante 500 metro e desvíamonos a dereita por un camiño que percorre a ladeira da montaña que verte ao río Lor. Tras finalizar este camiño subimos alternando unha pequena estrada e camiños, seguindo as indicacións, ata o quilómetro 9.63, onde se atopa o castro de O Carbedo. Seguimos pola mesma estrada que antes, a CV125/1, ata chegar a Campelo, onde Volvemos a tomamos un camiño forestal ata chegar a mina da Cova do Penedo, situada no quilómetro 12.6. Para finalizar continuamos polo mesmo camiño ata chegar a Romeor, onde finaliza a ruta.



### Castro de Romeor

Xacemento fortificado de pequenas dimensións, cun foxo principal na zona de entrada detrás do que se sitúan varios parapetos que dan acceso a unha reducida zona de habitabilidade. Na cara oposta hai varios muros de contención que tamén teñen función defensiva.

### Mina de O Broncedo

Mina de pequeno tamaño, con forma de V e 100 metros de longo, cunha apertura de 40 metros na parte inferior. Orientada de Sur a Norte, a canles de auga son as mesmas que para a mina de Torubio.



### Mina de Os Buracois

Pequeno xacemento mineiro que consta de dúas cortas de 90 metros de longo e 15 de ancho, con orientación Leste-Oeste. Están situadas entre as varias capas de rochas. Usáronse as mesmas canles de auga que para a mina de Torubio.



### Mina Torubio

Explotación mineira de grandes dimensións, ata 900 metros de longo e 360 de ancho, cun movemento de terras de 1600 decámetros cúbicos. Orientada Nordeste-Suroeste, a parte superior chegan varias canles de auga e consérvase parte do muro dun depósito.



### Castro de Carbedo

Xacemento fortificado que polo seu alto valor estratéxico foi reutilizado ao longo do tempo, conservándose principalmente os restos dunha torre medieval, situada na parte interior do castro, sobre o foxo defensivo.



### Mina Cova do Penedo

Estrutura mineira auxiliar das minas de Torubio, Os Buracois e O Broncedo. Consiste nun túnel realizado nun saínte rochoso do Alto de Campelo, que une as canles de auga de ambas caras do monte.

